



# Información Matrícula Curso 2016/2017

[Decreto 254/2012, do 13 de decembro: Admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos \(DOG\)](#)

[Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado \(DOG\)](#)

A Orde indicada anteriormente desenvolve o procedemento para a admisión de alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato... e establece para o curso 2016/2017 o calendario que se indica de seguido:

- Reserva de praza no centro de orixe do **1 ao 15 de febreiro**.
- Publicación de postos escolares vacantes, antes do 1 de marzo.
- Solicitud de Admisión do **1 ao 20 de marzo**.
- Presentación de documentación acreditativa dos criterios de baremo do 22 de marzo ao 5 de abril.
- Publicación de listaxes provisionais de admitidos e non admitidos **antes do 25 de abril**.
- Publicación de listaxes definitivas de admitidos e non admitidos **antes do 15 de maio**.
- Formalización de matrícula en Infantil e Primaria do **20 ao 30 de xuño**
- Formalización da matrícula en ESO e Bacharelato do **25 de xuño ao 10 de xullo**
- Prazo extraordinario de formalización de matrícula en ESO e Bacharelato do **1 ao 10 de setembro**.

## Información Importante

1. Os alumnos que xa están matriculados neste Centro teñen, automaticamente, a reserva feita para o próximo curso 2016/2017.
2. Os alumnos que teñan a intención de matricularse noutro Centro para o próximo curso deberá facer a solicitud de admisión en dito Centro no prazo establecido a tal efecto e presentar unha copia de dita solicitud nesta Secretaría.
3. Cada alumno/a só pode presentar una única solicitud no centro no que solicite praza en primeiro lugar.
4. O alumnado ten garantía de permanencia nun centro, e se presenta solicitud noutro distinto ao que está, debe comunicalo ao centro de orixe.
5. O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitud de admisión noutro, deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de solicitud de admisión.
6. O Prazo de presentación de solicitud de admisión: do 1 ao 20 de marzo.
7. Despois do prazo de admisión publicaranse as distintas listas de admitidos/as, número de prazas ofertadas e datas para a formalización de matrícula, así como calquera outra información necesaria.